

Sr. Técnico de Administración Xeral
Sra. Técnica de Relacións Laborais
Sra. Administrativa de Administración Xeral

INSTRUCCIÓN DO SERVIZO

Vista a resolución de incoación de expediente e de determinación de funcionario/a público/a instructor/a de expediente dictada pola Concellería competente na data de sinatura electrónica, que obra incorporada ao presente expediente; e no exercicio das funcións de xefatura da Área no referido ao reparto do traballo interno entre o persoal a cargo consonte ás vixentes guías sobre funcións dos postos de traballo, nos termos do establecido no RD 2568/1986, do 28 de novembro, pola presente procédese a conformar **equipo de traballo para a elaboración do anteproxecto de Capítulo I dos Orzamentos Municipais 2025**, segundo de seguido se dispón:

- A instrucción do expediente electrónico n.º 44.929-220 consta asignada por resolución administrativa ao Técnico de Administración Xeral, D. Marcos Viturro Gómez, funcionario de carreira, adscrito á Área de Recursos Humanos e Formación, no exercicio das funcións contempladas no artigo 169.1, letra a) do Real Decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das Disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e vixentes guías sobre funcións dos postos de traballo do Concello de Vigo aprobadas pola Xunta de Goberno Local.
- Determínase na resolución a colaboración da Técnica de Relacións Laborais, asignándose en consecuencia á funcionaria municipal Dª María José Rodríguez Martínez o apoio técnico especializado ao instructor do expediente, consonte ás vixentes guías sobre funcións dos postos de traballo e ao artigo 171.1 do Real Decreto legislativo citado no punto anterior.
- A actualización, almacenamento e alimentación da información relativa ao Capítulo I de gastos nas aplicacións xestoras das que dispoña a Área de Recursos Humanos e Formación, así como a mecanización dos datos necesarios para a elaboración sistemática da información nas aplicacións e soportes dixitais de simulación orzamentaria e xestión e control económico dos gastos de persoal, corresponde a todo o persoal administrativo da Área de Recursos Humanos e Formación, asignándose para este cometido ás administrativas de Administración Xeral, Dª Tatiana Ordóñez del Pazo e, no caso de ausencia da anterior, a Dª María Cristina Miniño Valverde; e dispoñendo a obrigada colaboración do persoal do reforzo autorizado para a Área de Recursos Humanos e Formación en expediente 42.434-220, a efectos de garantir a debida execución en prazo.



Conformado o equipo de traballo, para a elaboración dos custes de persoal dos Orzamentos Municipais 2025 deberanse contemplar os aspectos seguintes:

1.- Incorporación da totalidade dos puntos contidos nas directrices proporcionadas pola Superior Dirección Orzamentaria e Contable do Concello de Vigo, incorporadas ao presente expediente electrónico e recibidas o 05/07/2024.

2.- Cadro de persoal orzamentario orzamentario para 2025, e para cuxa elaboración deberá considerarse a necesidade de racionalización de prazas vacantes de persoal, a avaliar coa xefatura e coa Concellería da Área de Goberno, con carácter previo ao peche do documento. A tal efecto, deberán contemplarse as prazas vacantes fóra de taxa de reposición de efectivos (TRE) existentes na plantilla municipal, así como as prazas incluídas na citada TRE, para a súa análise, nos termos do establecido na instrución citada no punto 1 anterior, e considerando a situación actual de prórroga orzamentaria na lexislación sobre orzamentos xerais do Estado.

3.- Informe técnico da evolución da plantilla municipal dende a estricta perspectiva técnica incluíndo a identificación de necesidades estruturais e permanentes consonte ás peticións de efectivos efectuadas polos servizos, así como a evolución do persoal interino e temporal consonte ás peticións dos servizos, debendo considerar o actual estado de execución do contrato administrativo de servizos para a revisión da relación de postos de traballo, análise e valoración de postos de traballo e estudo da plantilla municipal, licitado en expediente 43.010-220

4.- Informe técnico de condicións de aplicabilidade das previsións económicas do Capítulo I de gastos do Anteproxecto de Orzamentos 2025, na liña do informe emitido en exercicios anteriores, incluíndo o estado de execución do Capítulo I de gastos durante 2024.

Tal e como sinala a Superior Dirección Orzamentaria e Contable, aos efectos de continuar na tramitación normalizada e simplificada desenvolta dende o ano respecto da remisión da información deste capítulo, indícase que o expediente deberá estar informado e negociado en tempo e forma, **debendo ser remitido -unha vez concluído e negociado conforme proceda normativamente cos sindicatos lexitimados para a negociación colectiva no Concello de Vigo (mesa xeral de materias comúns a persoal funcionario e laboral) e informado tecnicamente- á Superior Dirección Contable con data límite o vindeiro 15 DE SETEMBRO DO 2024.**

Do cal se da traslado aos efectos procedentes, quedando como sempre á súa disposición para calquera dúbida, consulta ou axuda ao respecto dos traballos técnicos a realizar, para os cales contan coa colaboración e apoio da xefatura no que resulte necesario e procedente.

Vigo, sinatura electrónica

A XEFA DA ÁREA DE RECURSOS HUMANOS E FORMACIÓN.- María Dapena Gómez.



**CONCELLO
DE VIGO**



**Área de Goberno de
Seguridade,
Contratación, Festas
e Xestión Municipal**

**Área de RRHH e
Formación**

ASINADO POR: XEFA DA AREA DE RECURSOS HUMANOS E FORMACION - (MARIA DAPENA GÓMEZ) 17/07/2024 13:57:34

Documento asinado



Copia do documento - Concello de Vigo
44929-220

Data impresión: 17/07/2024 14:04 Páxina 3 de 3
CSV: AAA65C-26AFAD-473EA5-JZAC4U-JP6P74-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>